

## Coñece e Camiña do día 12 de Febreiro

*Sendeiro das Férvedas (PR-G142)*

### **Descrición Ruta:**

*Saindo do lugar de Brea en dirección sur e despois de superar o val do río Anllóns e o do seu afluente Rosende, entramos de cheo nun dos accidentes xeográficos máis importantes de Galicia: a depresión **Meridiana**. Esta fondeira percorre de norte a sur Galicia e por ela discurriron antigas vías de comunicación Romanas.*

*En Carballo, a faia que forma esta depresión divide as parroquias de Rus e Entrecruces en dúas partes, as denominadas “Alta” e “Baixa” pero, o máis significativo de esta faia e que, forma dous saltos de auga de gran fermosura, a **Férveda de Rus/Ramil** no rego Férveda e a máis importante a chamada **Ferveda de Entrecruces ou San Paio**, por atoparse en dita parroquia, na que o río Outon, ten que salvar un salto de 50 metros de desnivel.*

*Grazas a este roteiro, podremos contemplar importantes paraxes a nivel ambiental, como as anteriormente faladas, nas parroquias carballesas de **Ardaña, Rus e Entrecruces**, pero tamen percorremos diversos exemplos do patrimonio cultural, como as igrexas destas parroquias destacado por enriba de todas elas, a de Sta Maria de Rus, de estilo barroco, (a máis importante do concello a nivel artístico).*

*O patrimonio ampliase cuns importantes restos castrexos, e tamen con unha representación, da cultura medieval palaciana O' Pazo de Vilar de Francos.*

*Todo isto tendo como senda, antigas corredoiras que en moitos casos son chamadas polos lugareños “Camiños Reais”, o que nos da a idea de antigüidade das vías, que mostran en parte do seu percorrido a vexetación autoctona de Galicia.*

**Datos informativos:** *A saída se fara coma sempre do pazo dos deportes de Riazor, as oito da mañán do domingo 12, cunha parada en Alfonso Molina, para recoller a xente.*

**Lonxitude :** 20 Km.

**Dificultade** media\_baixa

**Equipamento:** *Botas de Treking (indispensable), chubasqueiro, e algo para xantar po lo camiño, Ah ¡¡, e boa disponibilidad para camiñar, bastóns (opcionais) pero axudan bastante nas subidas.*